

Sección 1ª. Avaliación

Artigo 21. Carácter da avaliación

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.
2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:
 - a) Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.
 - b) Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.
 - c) Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.
3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, tendo en conta o regulado nos artigos 28 e 29.

4. Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detecta que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

Artigo 22. Avaliación das competencias clave

1. Todas as materias ou ámbitos do currículo deben contribuír, en cada un dos cursos da etapa, ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.
2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, de conformidade co anexo II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos

obxectivos da devandita materia ou ámbito, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída.

3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da materia ou ámbito para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares a que se refire o número anterior.

Artigo 23. Sesións de avaliación

1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo, co obxecto de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás do grupo.

2. Para os efectos desta orde, o equipo docente do grupo estará constituído polo profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculado o alumnado do dito grupo. Neste sentido, terase en conta que as materias ou ámbitos pendentes forman parte da matrícula do alumnado.

Porén, cando o equipo docente teña que tomar decisións respecto dunha alumna ou dun alumno participará unicamente o profesorado responsable da avaliación das materias ou ámbitos en que estea matriculada ou matriculado a alumna ou o alumno.

3. Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, como mínimo tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

4. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

O profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe asistirá ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

5. En cada sesión, a avaliación de cada materia ou ámbito é competencia do profesorado que o imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias ou ámbitos pendentes.

6. As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción e á titulación, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

7. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente, e as propostas de mellora.

Artigo 24. Avaliación inicial

1. A avaliación inicial realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

Artigo 25. Avaliacións parciais

1. Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións farase tamén o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo, de ser o caso. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final ordinaria.

2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias ou ámbitos dos cales sexa responsable.

3. As datas para a realización destas sesións de avaliación parcial concretaranse procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos.

Artigo 26. Avaliación final

1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

2. O profesorado, incluído o encargado do seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes, deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias ou ámbitos de que sexa responsable.

O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.

Artigo 27. Cualificacións

1. Os resultados da avaliación das materias expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.

– Ben: 6.

– Notable: 7 ou 8.

– Sobresaliente: 9 ou 10.

2. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresarase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poida establecer o centro para manter informados da súa evolución nas diferentes materias a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

3. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias materias fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar no historial académico e no informe persoal por traslado a cualificación obtida en cada materia, que será a mesma que figure no expediente académico para o ámbito correspondente.

4. Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen no número 1 para os resultados de avaliación das materias.

Artigo 28. Promoción

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contaránse de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para

estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación, nas condicións reguladas no artigo 7.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Artigo 29. Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colegiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria . Ademais de no caso anterior, o equipo docente

poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 30. Probas ou actividades personalizadas extraordinarias

1. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta, así mesmo, a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderá obtelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase.

2. Poderá inscribirse para realizar estas probas ou actividades o alumnado a que fai referencia o número 1 deste artigo e que non estea matriculado en ningunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso académico en que solicite a inscrición nas ditas probas ou actividades.

No caso de que estivese matriculado nalgunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, poderá solicitar a súa inscrición se causou baixa antes de prazo de matrícula das probas ou actividades personalizadas extraordinarias.

3. A inscrición e a matrícula realizarase no mes de maio de cada curso académico.

4. As probas ou actividades personalizadas realizaranse no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso do ensino secundario obrigatorio, durante o mes de xuño.

5. O profesorado que imparte docencia das materias ou os ámbitos en que o alumnado se inscribise para a realización destas probas ou actividades será o encargado do seu deseño e da súa avaliación. Para tales efectos, o profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación,

os contidos, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación para cada materia ou ámbito en que a alumna ou o alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.

6. Realizarase unha sesión de avaliación nas datas establecidas para a sesión de avaliación final en que participará o profesorado responsable das probas ou actividades e será coordinada pola persoa que exerza a xefatura de estudos ou a persoa en que delegue.

7. A acta de avaliación axustarase no seu contido ao modelo de avaliación final de 4º curso recollido no anexo III.

Artigo 31. Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

Artigo 32. Avaliación de diagnóstico

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 33. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.

2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
 - d) As medidas de atención á diversidade.
 - e) O clima de traballo na aula.
 - f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.
3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

Artigo 34. Consello orientador

1. A titora ou o titor do curso que corresponda elaborará un consello orientador individualizado, co asesoramento do departamento de orientación, logo da información recollida na sesión de avaliación final.
2. O consello orientador será asinado pola persoa titora e pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.
3. O consello orientador, que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, ou á propia alumna ou alumno no caso de que sexa maior de idade, elaborárase:
 - a) Ao finalizar o segundo curso, e incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.
 - b) Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, e incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.
 - c) Cando o equipo docente considere conveniente propor a unha alumna ou un alumno para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación.

Artigo 35. Información da avaliación

1. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información proporcionarase, como mínimo, en cada avaliación, e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.
2. O informe da avaliación final incluírá, ademais, o resultado de avaliación das competencias clave. Este informe poderá substituír o informe da última avaliación parcial.
3. A persoa titora e o profesorado das distintas materias ou ámbitos manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado e, de ser o caso, coas súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

Artigo 36. Documentos e informes de avaliación

1. Os documentos e informes de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:

a) O consello orientador regulado no artigo 34 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo II.

b) As actas de avaliación reguladas no artigo 31 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo III.

c) O expediente académico regulado no artigo 32 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV.

d) O historial académico regulado no artigo 33 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.

e) O informe persoal por traslado regulado no artigo 34 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

f) A certificación oficial regulada no número 4 do artigo 29 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VII.

2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de educación secundaria obrigatoria cubrirán os documentos de avaliación a través da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).